



INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DOS MONTES DE PARAÑOS CONCELLO DE COVELO E MOURISCADOS DE MONDARIZ.

Na reunión do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común que tivo lugar o día 20 de febreiro de 2003, dentro da orde do día deuse conta ó mesmo da sentenza nº 195/2001 dictada pola Sección Terceira da Audiencia Provincial de Pontevedra, nos autos seguidos á vista do recurso de apelación contra a sentenza recaída no xuízo declarativo ordinario de menor cuantía seguidos perante o xulgado de 1º Instancia de Ponteareas co nº 168/98 sobre acción reivindicativa e de deslinde que son parte: como apelante, a CMVMC de Paraños e como apelado a CMVMC de Mouriscados e na que o Tribunal dicta o seguinte fallo: “declaramos que o monte que se atopa situado ó noroeste da liña divisoria que separa as parroquias de Paraños e Mouriscados no plano unido ó folio 59 é propiedade da Comunidade de Montes demandante por ter sido posuído polos veciños de Paraños dente tempo inmemorial”.

Contra dita Sentencia a representación da CMVMC de Mouriscados (Mondariz) presentou recurso de casación nº 34/2001 perante o Tribunal de Xustiza de Galicia que fallou en sentenza nº 10 desestimando dito recurso.

Por outra banda o Xurado acorda por unanimidade que cando os lindes dos montes coincidan con límites parroquiais ou de termos municipais, se os límites parroquiais ou municipais cambian, cambiarán de igual maneira os lindes dos montes clasificados conforme ditos lindes municipais e polo tanto a súa cabida.

Con data 19 de maio de 2003 a sección de topografía en base a dita sentenza realiza o plano que se achega debido o novo cambio dos límites do Instituto Xeográfico Nacional quedando da seguinte maneira:

A CMVMC de Mouriscados cunha clasificación de monte veciñal de 671 has, descontaríanse 230 has polo que a súa nova superficie sería aproximadamente de 441 has.

A CMVMC de Paraños tiña clasificadas 220 has que sumadas ás 230 has, pasarán a ter unha superficie clasificada de 450 has de monte veciñal.

Por outra banda con data 7 de agosto de 2002 solicítase a Audiencia Provincial de Pontevedra copia da sentenza 195/2002 co fin de actualizar o convenio asinado entre a Consellería e a Comunidade de Mouriscados así como copia da planimetría que figura en dita sentenza.

Con data 21 de outubro de 2002 comunicouse a comunidade de Paraños que en parte do terreo da demanda ten un convenio de carácter administrativo (número 3615570) coa Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais pertencente á Consellería de Medio Ambiente e asinado o 23 de febreiro de 1986 e informandolle que é necesario subrogar ó anterior convenio asinado pola CMVMC de Mouriscados ou, como consecuencia da nova titularidade, se desexaban a rescisión do mesmo, previo pago do saldo pendente.



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMUN
PONTEVEDRA
COTEXADO, É CONFORME CO ORIGINAL
Data: 17 SEP 2003
36071 PONTEVEDRA
O FUNCIONARIO ENCARGADO

Con data 11 de novembro de 2002 comunicouse á Comunidade de Mouriscados o mesmo que o que se lle comunicou á de Paraños, informándolle que era necesario saber se desexaban renovar o convenio coas has que lle corresponderían ou rescindir dito convenio previo pago do saldo correspondente a favor da Administración das has que ten Mouriscados no convenio segundo a mencionada sentenza.

Pontevedra, 23 de xuño de 2003,

O xefe do Servicio de Montes e I.F.

Manuel Francisco Gutiérrez

Sr. Presidente do Xurado Provincial de Montes Veciñais



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Delegación Provincial
S. de Montes

Referencia



REGISTRO DE MONTES VECINAIS
PONENTE COMUN
PONTEVEDRA
19-Maio-03
E CONFIRME O ORIGINAL

Data: 17 SEP 2003
O FUNCIONARIO ENCARGADO

Nota interior	de	SECCIÓN DE TOPOGRAFÍA
	a	Xefe do Servizo

Asunto

Achégolle ós efectos oportunos a seguinte información requirida, en relación coa proposta de modificación de clasificación entre as CMVMC de Mouriscados e Paraños, pertencentes ós Concellos de Mondariz e O Covelo respectivamente.

1. Que a superficie a descontar da clasificación da CMVMC de Mouriscados, e que pasaría a formar parte da CMVMC de Paraños debido á modificación do termo municipal entre os Concellos de Mondariz e O Covelo, é de aproximadamente 230 ha. Polo tanto as novas superficies aprox. clasificadas nas citadas CMVMC pasan a ser:
CMVMC de Mouriscados(Mondariz): 671-230: **441 ha.**
CMVMC de Paraños(O Covelo): 220+230: **450 ha**

2. Plano a escala 1/10.000 da proposta.


Antonio de Arcos Rey

Remisión acordo
Xurado de Montes 25/06/03

CMVMC DE PARAÑOS
MARGARIDA, 12ª - PARAÑOS

O COVELO (PONTEVEDRA)

Xunto remito, ós efectos oportunos, certificación do acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en reunión celebrada o día 25 de xuño do 2003, en relación cos montes das CMVMC de Paraños e Mouriscados.

Pontevedra, 30 de xuño do 2003

Secretaria do Xurado

Asdo. Pilar Pita Ponte



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN	
PONTEVEDRA	
Nº REGISTRO	DATA
226	30/06/03
SAIDA	

PILAR PITA PONTE, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN DE PONTEVEDRA,

CERTIFICA:

Que na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra o día 25 de xuño do 2003, adoptouse, no punto sexto da Orde do día, o seguinte acordo o cal transcribo:

“Na reunión do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común que tivo lugar o día 20 de febreiro do 2003, dentro da Orde do día deuse conta ó mesmo da Sentencia nº 195/2001 dictada pola Sección Terceira da Audiencia Provincial de Pontevedra, nos autos seguidos á vista do recurso de apelación contra a Sentencia recaída no xuízo declarativo ordinario de menor cuantía seguidos perante o xulgado de 1ª instancia de Pontearreas co nº 168/98 sobre acción reivindicativa e de deslinde que son parte: como apelante, a CMVMC de Paraños e como apelado a CMVMC de Mouriscados e na que o Tribunal dicta o seguinte fallo: “declaramos que o monte que se atopa situado ó noroeste da liña divisoriaa que separa ás parroquias de Paraños e Mouriscados no plano unido ó folio 59 é propiedade da Comunidade de Montes demandante por ter sido posuído polos veciños de Paraños dende tempo inmemorial.

Contra dita Sentencia a representación da CMVMC de Mouriscados (Mondariz) presentou recurso de casación nº 34/2001 perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que fallou en Sentencia nº 10 desestimando dito Recurso.

Por outra banda o Xurado acorda por unanimidade que cando os lindes dos montes coincidan con límites parroquiais ou de termos municipais, se os límites parroquiais ou municipais cambian, cambiarán de igual xeito os lindes dos montes clasificados conformes ditos lindes municipais e polo tanto a súa cabida.


Con data 19 de maio do 2003 a sección de Topografía do Servicio de Montes e Industrias Forestais en base a dita Sentencia realiza plano que se achega debido ó novo cambio dos límites do Instituto Xeográfico nacional quedando da seguinte maneira:

CVMVMC de Mouriscados, do concello de Mondariz, cunha clasificación de monte veciñal de 671 Has., descontaríanse 230 Has. polo que a súa nova superficie clasificada sería aproximadamente de 441 Has.

CMVMC de Paraños, do concello de O Covelo, cunha clasificación de monte veciñal de 220 Has. que sumadas ás 230 Has., pasará a ter unha superficie clasificada de 450 Has. aproximadamente”.

E para que conste, ós efectos oportunos, expídese a presente certificación en Pontevedra a trinta de xuño do dous mil tres.





XURADO PROV. DE CLASIFICACIÓN
 EN MAN COMÚN
 PONTEVEDRA
 COTEJADO, ESCRITO E COORDINADO
 O FUNCIÓNSARIO ENCARGADO
 Data: 2011

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CLASIFICACIÓN A FAVOR DA COMUNIDADE DE
 PARANOS SUPERFICIE A DESCONTAR DA CLASIFICACIÓN DE MOURISCADOS (aprox. 230 ha)

Nº DA FOLIA	224-74	224-75	224-84	224-85
OBSERVACIÓNS:	Os límites de clasificación son os correspondentes a troques de concreto-ficho (Escala 1/25.000), sempre e cando non entren en contradición coa descrición lixeira dos mesmos. Non se poderen considerar como deslindes.			
AUTOR:	SECCION TOPOGRAFIA			
DATA:	MARZO-2003			
ESCALA:	1/10.000			
TRABALLO:	PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CLASIFICACIÓN O CONCELLO MOURISCADOS PARANOS COMUNIDADE PARANOS/MOURISCADOS			
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE	XUNTA DE GALICIA DELEGACIÓN DE MONTES VECERAIS PÓNTICAS DA MEDIOA PONTEVEDRA SERVIZO DE MONTES DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA			